TOPONIMIA

Pretendemos contribuír co "ROTEIRO POR COIA", á divulgación dos valores do noso patrimonio toponímico entre os máis novos, de xeito que sexan capaces de apreciar o valor cultural dos nosos nomes de lugar.

COIA
Aparentemente o topónimo Coia parece que tén semellanza formal e morfolóxica coa forma galega coio (pedra, pelouro). Hai indicios suficientes para crer que a nosa Coia sexa un derivado prerromano dunha moi común raíz indoeuropea co significado de "concavidade, val, fondón, sitio recollido ou protexido".

A FLORIDA
Parroquia independizada na década de 1950 da de Coia, Santo Antonio da Florida, pero os veciños nativos séguense a sentir de Coia.
Así se chamou en principio unha casa de indianos situada na parte baixa da avenida á que deu nome. Tiña escrita na entrada "La Florida", por ser, segundo a veciñanza, o lugar do estado arxentino de Rosario de onde proviña a familia de emigrantes retornados.

BALAÍDOS
O topónimo aparece xa en 1529 como Prado d´Avelaýde. Máis tarde en 1752 aparecía Valaýdo que se convertía en Valaýdos cando se refería a todas as terras do latifundio.
A explicación máis plausible é a de abeleira, que sofre nesta área unha evolución a abelaído, bosque de abeleiras. O paso final, a partir do século XVIII de Abelaído a Belaído e Balaído é perfectamente normal.

O LAGARES
Con esta denominación coñecíase a parte do curso do río na zona de Coia. Neste lugar había unhas terras ribeiregas chamadas Lagares, localizadas hoxe na parte baixa das rúas Pinal de Adentro e Manuel Castro: unha barxa e algún prado enchoupado antes da urbanización.

AS TRAVESAS
Nunca foi un barrio da Coia histórica, senón un lugar (subaldea) repartido entre os barrios do Chouso, Quintela e Peniche. O topónimo cobrou moita vida desde xa antes de mediados do século XX.
É un topónimo ben antigo, a súa primeira documentación escrita data de 1529. Unhas leiras atravesadas, postas en perpendicular con respecto a outras.

PELAIO (PELAIOS)
Foi unha das aldeas (barrios) máis importantes de Coia e tamén un dos máis afectados pola construción do Polígono. Corresponde ás actuais rúa Baiona, a rúa Nigrán e transversais, circundado ao oeste pola rúa Porriño, que cortou Pelaio de norte a sur. Só queda de Pelaio unha tira ao norte do cemiterio de Bouzas, entre o camiño de Pelaios e a rúa Porrriño.

FIGUEIRIDO
É un dos barrios tradicionais de Coia e hoxe fica como unha aldea-illa onde aínda se ve algún campo de labor e casas unifamiliares. O topónimo Figueirido é un colectivo onde abundan figueiras bravas.

O CRUCEIRO
Esta barrio está entre a rotonda de Alcampo e a rúa Estrada, ata onde comeza O Turreiro.
Era o barrio (aldea) central de Coia, onde se sitúa a igrexa parroquial, que estaba no lugar (subaldea) do Adro. A orixe é un cruceiro de pedra que había preto da igrexa.

OS ESTURÁNS
É un topónimo antigo. Trátase dun étnico que deriva de ASTURIANOS como outros que hai no resto de Galicia. Dátase Os Esturáns de Coia arredor do ano 1000 e tomaría o nome de xentes vidas das actuais provincias de León e Zamora que formaban parte do antigo convento asturicense. Serían mozárabes que se virían refuxiar ás terras cristiás de Coia.

O RESÍO
É un barrio (aldea*) que se corresponde máis ou menos coa actualmente chamada rúa do Resío (na placa Rúa do Rocío). Un resío é unha vella palabra galega co significado xeral de "sobrante dunha terra que queda ao longo do muro que a pecha" e de aí "faixa de terreo que bordea algúns terreos" ou "anaco de terreo pechado unido á casa". Vén do latín RESIDUU, é dicir "residuo" co sentido de "o que se deixa fóra".

* *aldea tradicional=barrio; subaldea tradicional=lugar*

Extracto do libro ***TOPONIMIA DO VAL DO FRAGOSO 1 - COIA de Iván Sestay Martínez***
Editado pola Universidade de Vigo

Consulta o libro e o mapa da Microtoponimia de Coia no Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo: *http://snl.vigo.org/*

ROTEIRO POR COIA

CRÉDITOS

Autor@s

Ana Álvarez
Cristina Baltar
Elsa Lamas
Daniel Rodríguez
María Pilar Vázquez
María Dolores Vázquez



Instituto Alexandre Bóveda
Contacto: tecnocoia@gmail.com

Este traballo está adicado ao MOVEMENTO VECIÑAL

Deseño por:

Departamento de Tecnoloxía do IES Alexandre Bóveda
tecnoboveda.blogspot.com | @tecnocoia

O CABLE INGLÉS | COOPERATIVA CULTURAL
www.ocableingles.com

CFR VIGO centro de formación e recursos

Servizo de Normalización Lingüística

Concello de Vigo

INTRODUCIÓN



Un Roteiro é un camiño, unha viaxe ao redor dun territorio.

Este territorio que nos une chámase Coia e este Roteiro é a viaxe polo seu coñecemento.

O **"ROTEIRO POR COIA"** nace con vocación de achegar información sobre a historia e a riqueza toponímica do barrio de Coia. Naceu pola iniciativa do profesorado do IES Alexandre Bóveda (Vigo-Coia) para transmitir ao alumnado a riqueza do seu pasado e fortalecer así o seu futuro. Agora queremos compartir con toda a sociedade estes coñecementos para lograr un dos obxectivos da escola: converterse en axente dinamizador da contorna.

Estrutúrase a partir de **12 Paradas** polas que percorremos, dende a prehistoria ata os nosos días, o devir de Coia e as súas xentes. Na wiki compartimos todos estes coñecementos e fomentamos a participación da cultura de barrio.

Este Roteiro lévanos por COIA. Os "coiotes" viaxamos polo camiño do saber. Camiña con nós.

HISTORIA



Coia é unha das parroquias que máis transformacións urbanísticas sufriu ao longo da segunda metade do século XX. A súa paisaxe rural e os seus modos de vida mudaron radicalmente na contorna industrial de vivendas e servizos dunha grande urbe. O polígono significou un pulo de crecemento e desfigurou para sempre a imaxe da vella Coia que perdeu a súa identidade.

Percorrendo os lugares atopamos certas áreas, moitas delas de agros e de construcións antigas, que nos fan imaxinar como sería a antiga Coia, como unha especie de aldeas-illa como Os Esturáns, O Chouso ou Figueirido.

Esta transformación produciuse rápida e de forma traumática dende os anos 70 do século XX, porque Coia, noutros tempos, era unha parroquia rural co seu sistema de barrios e lugares e con sentimento de unidade.

A destrución da Coia histórica produciuse ao dividir a antiga freguesía de Coia en catro parroquias diferentes: Perpetuo Socorro, Nosa Señora do Rocío, Cristo da Vitoria e Santo Antonio da Florida. A Coia histórica quedou reducida hoxe a un 15% do seu territorio, o resto foi urbanizado e ocupado por unha inmensa poboación foránea.

En resumo, a Coia actual son simplemente restos do que foi a antiga Coia histórica.

A tradicional parroquia de Coia dividíase nun antigo sistema de barrios e lugares cunha grande idea de unidade. As aldeas son chamadas barrios; e estes divídense en subaldeas chamadas lugares. Estes barrios tradicionais non teñen nada que ver co moderno concepto de barrio.

Os barrios da Coia histórica son 11: **Peniche, O Areal, O Chouso, Os Esturáns, O Cruceiro, O Resío, A Pardaíña, Pelaio, Figueirido, A Espedrigada e Quintela,** cada un con cadanseus lugares: **A Seara, A Barxiela, O Adro…**

PARADAS



1. IES COIA 2

Mª Carmen Panero lembra a historia do Instituto e a orixe do seu nome. Lembramos así mesmo a biografía de Alexandre Bóveda, recoñecido galeguista fusilado no 36.



2. PARQUE DA BOUZA

Falamos da orixe do actual polígono de vivendas e do activo movemento veciñal que loitou pola humanización do barrio. Esta loita ao berro de A Bouza é nosa! foi unha referencia na cidade para as reivindicacións veciñais.



3. CAMPO DA PETANCA

Falamos da petanca que foi traída a Vigo polos franceses de Citroën facendo alusión ás distintas asociacións deportivas que traballan no barrio, en especial ao Seis de Nadal, entidade de referencia a nivel estatal.



4. PRAZA DA MIÑOCA

Incidimos na importancia da recuperación da toponimia, a memoria da veciñanza, e como o urbanismo é algo fundamental nas nosas vidas.



5. POLÍGONO DE COIA

Lembramos a figura do arquitecto Desiderio Pernas e o seu deseño do polígono de vivendas, salientando as ideas urbanísticas que planeou e os problemas xurdidos para realizalas.



6. LAVADOIRO DOS ESTURÁNS

Mostramos a convivencia do antigo espazo rural, representado polo lavadoiro, co moderno polígono de vivendas. Convida tamén este espazo á reflexión sobre o futuro do barrio e o seu desenvolvemento.



7. COIA MEDIEVAL E MODERNA

Facemos unha introdución da Coia antiga e medieval, cando era aldeá e mariñeira.



8. CASTRO CASTRIÑO

Comentamos o que se sabe da Coia prehistórica e romana seguindo o libro de Eduardo Rodríguez "As lembranzas soterradas".



9. LAVADOIRO DO RESÍO

Falamos dos anos 80 marcados pola reconversión industrial, o paro e as drogas, pero tamén pola movida viguesa.



10. CASAS DO RESÍO

Falamos das primeiras iniciativas en materia urbanística coa intención de proporcionar vivendas económicas e saudables para os obreiros. Estas casas son un dos meirandes puntos de interese do barrio, pero permanecen agochadas para moita xente.



11. PAVILLÓN E SERVIZOS SOCIAIS

PAVILLÓN-LUDOTECA: comentamos os equipamentos do barrio.



12. PRAZA DO POBO

Facemos unha reflexión sobre o futuro do barrio e a importancia da participación cidadá para a mellora da convivencia.

